



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL EN PLENO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Desde o ano 2011 viña manténdose na programación dos Centros Socioculturais do Concello un ciclo anual de bailes denominado “Imos ao baile” que gozaba dunha gran aceptación popular. A través dunha completa planificación para todo o ano continuábase con esta programación anual un costume de anos anteriores de organizar bailes gratuítos nas instalacións municipais ao longo dos barrios e distintas parroquias. Unha actividade de grande interese para favorecer as relacións sociais e con probados beneficios para a condición física e mesmo psíquica das persoas participantes.

O actual equipo de Goberno atopouse no ano 2015 cun programa organizado e en pleno desenvolvemento que se mantivo desde o 7 de febreiro ata o 19 de decembro conforme a unha planificación nucleada arredor de 14 centros socioculturais, con 27 bailes amenizados ao longo do ano por 11 grupos musicais.

Co inicio dun novo ano, o Concello decidiu continuar esta iniciativa organizando unha nova programación na que se contemplaban como principais novidades a ampliación do número de bailes anuais que pasaron de 27 a 28, a introdución dunha actuación no Casco Histórico e a redución do número de formacións musicais encargadas de animar esta case trintena de bailes, que pasaron de 11 a tan só 3.

A nova programación para o ano 2016, a desenvolver entre o 30 de xaneiro e o 17 de decembro, iniciouse no Centro Sociocultural de Laraño e continuou unha semana despois nos de Cornes e A Gracia ata que o 27 de febreiro –segundo as nosas informacións- se celebrou a derradeira sesión no Castiñeiríño. Desde entón, non temos constancia de que se celebrara ningún outro baile dos 24 pendentes e previstos na programación anual feita pública.

Como queira que esta actividade contaba con financiamento asignado –no que colaboraba a Deputación Provincial- e debería dispoñer da contratación das formacións musicais anunciadas ata o remate de ano, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:



Cales foron os motivos polos que se cancelaron, sen ofrecer ningunha xustificación pública, a maior parte dos bailes contemplados dentro do programa "Imos de baile", que consecuencias económicas, co detalle da súa cuantificación, se derivan para o Concello desta cancelación e que previsión ten o Goberno para recuperar de cara ao futuro as actuacións para o baile nos centros socioculturais?

Santiago de Compostela, a 7 de outubro de 2016.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular